

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 25 DE MAIO DE 2021

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:20 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
Ángel López Fidalgo (PP).
María Jesús García Souto (PP).

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 28 DE FEBREIRO DE 2021 E ORDINARIA DO 30 DE MARZO DE 2021.

Pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da actas da sesións celebradas o día 28 de marzo e 30 de marzo de 2021.
Intevén a sra. García Souto e afirma que o mesmo de sempre, que recoller na acta as opinións de forma sucinta resta sentido ao debate polo que solicita que se graven os plenos.

Acto seguido, a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

A Corporación, aproba por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes na sesión os borradores das actas da sesións.

SEGUNDO.- RATIFICACIÓN DOS DECRETOS DE ALCADÍA Nº 124/2021 E 125/2021

Dase conta das seguintes resolucións de alcaldía para a súa ratificación:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA nº 124/2021

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO “REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE CASTRO (PORTA)” (POS+COMPLEMENTARIO/2021) - EXPEDIENTE: 2021000004927

EXPEDIENTE: 2021/G003/000137

Visto o requirimento de subsanación de deficiencias en relación co proxecto presentado telemáticamente na convocatoria POS+COMPLEMENTARIO/2021: "Rede de saneamento no lugar de Castro (Porta)"

Visto que no proxecto corrixido, redactado por Ana Patricia Souto Lareo, arquitecta técnica municipal do Concello de Sobrado, procedeuse a subsanar as deficiencias observadas e que as mesmas non afectan á natureza e finalidade do investimento a realizar nin á súa valoración económica.

No uso das atribucións que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, RESOLVO:

1º.- Aprobar o proxecto corrixido das obras de "Rede de saneamento no lugar de Castro (Porta)".

2º.- Remitir o proxecto corrixido á Deputación Provincial a través da Plataforma Subtel.

3º.- Dar conta ao Pleno da presente resolución para a súa ratificación.

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA nº 125/2021

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO “REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE OUTEIRO (PORTA)” (POS+OBRASSUM/2021) - EXPEDIENTE: 2021000004941

EXPEDIENTE: 2021/G003/000138

Visto o requirimento de subsanación de deficiencias en relación co proxecto presentado telemáticamente na convocatoria POS+OBRASSUM/2021: "Rede de saneamento no lugar de Outeiro (Porta)"

Visto que no proxecto corrixido, redactado por Ana Patricia Souto Lareo, arquitecta técnica municipal do Concello de Sobrado, procedeuse a subsanar as deficiencias observadas e que as mesmas non afectan á natureza e finalidade do investimento a realizar nin á súa valoración económica.

No uso das atribucións que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, RESOLVO:

1º.- Aprobado o proxecto corrixido das obras de "Rede de saneamento no lugar de Outeiro (Porta)".

2º.- Remitir o proxecto corrixido á Deputación Provincial a través da Plataforma Subtel.

3º.- Dar conta ao Pleno da presente resolución para a súa ratificación. "

Non se producen intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (5): Luis Lisardo Santos Ares, , Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE)e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Abstención (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Ábrese o turno de intervencións polo sr. alcalde que informa que son dúas modificacións dos proxectos do POS 2021, xa que faltaba algunha documentación complementaria e houbo que modificar os proxectos a instancia da Deputación.

Pregunta a sra. García Souto en que consistiron ditas modificacións.

Resposta o sr. alcalde que nunha houbo que cambiar a depuradora porque se puxo unha marca comercial e había que poñer o modelo exacto e noutra facía falta un control arqueolóxico.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (9): Luis Lisardo Santos Ares, , Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE)e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE), María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Abstencións (0)

En contra (0)

Como resultado da votación os decretos quedan ratificados.

TERCEIRO.- APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2021-2023

Toma a palabra o Sr. Alcalde que expón o contido da súa proposta de data 19.05.2021 que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE:2021/A002/000001

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE SOBRADO PARA 2021-2023

Resulta imprescindible proceder á aprobación do PES para o periodo 2021-2023, de tal forma que cubra a presente lexislatura, dando cumprimento ao indicado no artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, que introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calesqueira entes públicos responsables da xestión de subvencions de elaborar un plan estratéxico de subvencions.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público dedicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia se presenta o citado Plan que, si ben non contempla ningunha axuda de carácter plurianual, sigue apoiando accións e colectivos aos que xa viña facendo en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural, deportivo do concello.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencions as axudas de emerxencia social cuia regulación se contén nas bases de execución do orzamento do 2021 motivada pola modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: “*Non teñen o carácter de subvencions: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial*”. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencions, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencions

Á vista do expediente tramitado ao efecto, no que consta informe da Secretaria-Interventora e proposta de documento, esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Plan Estratéxico de Subvencions do Concello de Sobrado 2021-2023:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE SOBRADO 2021-23

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calesqueira entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 8. Principios xerais.

1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten o mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.

3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.*

O citado artigo 8 foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios rectores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 indica que:

ARTIGO 5. Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O Plan Estratéxico , en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calqueira proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se plantexen deben estar recollidas no mesmo.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establecer igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduzca conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos costes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social cuia regulación se contén nas bases de execución do orzamento do 2021 motivada pola modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: *“. Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial”*. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, , coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións

O Concello de Sobrado non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual aínda que segue apoiando accións e colectivos aos que xa viña facendo en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural, deportivo do concello.

Para dar cumprimento á citada normativa , o Concello de Sobrado aproba o seu Plan Estratéxico de Subvencións cuio articulado figura a continuación.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2021 a 2023 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; si ben, se adecúa a súa vixencia á desta corporación e en prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualízalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible

ARTIGO 2 . NATUREZA XURÍDICA

Os Planes Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxetivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias, se acomodarán en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

O Concello de Sobrado concederá subvencións a favor de persoas físicas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LÍÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente Plan Estratéxico do Concello de Sobrado resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As Liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Líña 1: Fomento da promoción do deporte, a cultura e a educación nos seus distintos ámbitos.
- Líña 2: Fomento da natalidade.

5.1. SUBVENCIONS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, CULTURA E EDUCACIÓN

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter educativo, cultural e deportivo.

b) Obxectivos específicos:

- Apoiar a educación.
- Apoiar o mantemento e funcionamento da ANPA do centro educativo de Sobrado e apoiar á realización doutras actividades que propien a participación e o encontro entre os alumnos.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.

-Fomento das actividades extraescolares.

c) Prazo de execución: Anual

d) Costes previsibles:

Os costes previstos para o periodo 2021-2023 serán ata o máximo da disponibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará en xeral por concurrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento .

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria , e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan suscribirse ou dictarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2. SUBVENCIONES EN MATERIA DE FOMENTO DA NATALIDADE.

a) Obxectivo estratéxico:

Co obxectivo de fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Sobrado, considérase necesario promover axudas, na medida dos recursos de que dispón este Concello, destinadas ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou adopción e/ou establezan o seu domicilio de forma permanente no Concello de Sobrado, como medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade.

b) Obxectivos específicos:

- Fomentar a natalidade no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo e o asentamento da poboación no Concello de Sobrado.

c) Prazo: Convocatorias anuais

d) Costes previsibles: Os costes previstos para o periodo de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e) Fontes de de financiamento : O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión : O procedemento de concesión se realizará en concurrencia competitiva, de conformidade coa ordenanza que regule a súa concesión

g) Plan de actuación: O procedemento de concesión para a execución desta liña estratéxica realizarase en concurrencia de conformidade coa ordenanza aprobada .

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral , as subvencions municipais terán un prazo de execución

anual, sendo o período elexible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan convinte a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencions

ARTIGO 7. FINANCIACIÓN

A efectividade das liñas de axudas e subvencions engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calqueira tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencions que establece que "tamén se poderán realizar pagos anticipados que supodrán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención", as bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiación do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencions do Concello de Sobrado, realizaráse de forma anual, en dous aspectos.

-Control económico - financeiro das subvencions concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Sobrado, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.

- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instructores do procedemento de concesión das Subvencions, se procederá a remitir no primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.

- A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencions da anualidade correspondente indicando grao de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencions concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencions, como no Taboeiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboeiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.

SEGUNDO.- Publicar o citado Plan no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Sobrado . “

Expón o alcalde que a lei obriga a aprobar este plan estratéxico e que non se meteron as axudas de emerxencia social por non ter carácter de subvención e engade que este plan estratéxico e susceptible de modificarse en calquera momento e introducir outras liñas de subvencións.

Intervén M^a Jesús García Souto e di que o aproban simplemente porque o esixe a lei. É o mesmo de sempre, recolle o que se leva facendo dende fai varios anos coa única novidade das axudas para o fomento da natalidade . É claramente deficiente, deberíase buscar unha maneira máis estruturada, pensada e con obxectivos concretos máis alá de subvencións á natalidade para fomentar o asentamento da poboación.

Responde o sr. Alcalde que as axudas á ANPA son tamén unha novidade.

Afirma a sra. García Souto que este plan non aporta nada novo.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Abstención (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Como resultado da votación queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN

CUARTO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA 88/2021/ A 171/2021.

Dase conta dos decretos de alcaldía dende o 88/2021 a 171/2021.

QUINTO-DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 1º TRIMESTRE DO 2021 .

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 1º trimestre do 2021 , que foi de 45,71 días.

SEXTO.- MOCIÓNS DE URXENCIA

O alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto no incluído na orde do día.

Intervén a sra . García Souto e afirma que meteu por rexistro unha moción relativa á conectividade no termo municipal de Sobrado.

O sr. alcalde di que se quere meter algunha moción na orde do día do Pleno ten que enviala con suficiente antelación para que se poda incluír .

Resposta a sra. García Souto que nun pleno anterior enviaron unha moción con tempo suficiente e que non se incluiu na orde do día.

Neste intre se incorpora á sesión o concelleiro Juan Vicente Aller Penas.

A sra García Souto xustifica á urxencia da moción sinalando que é moi importante para o Concello de Sobrado.

Plantexada a votación sobre o debate da moción se acada o seguinte resultado: aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes e polo tanto co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de conformidade co artigo 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

A voceira do grupo do Partido Popular M^o Jesús García Souto procede á lectura da moción:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE SOBRADO, EN RELACIÓN Á CONECTIVIDADE NO TERMO MUNICIPAL DE SOBRADO
O Grupo Municipal Popular no Concello de Sobrado , conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe, e cada vez máis, a conectividade de forma similar as redes de electricidade, de abastecemento de auga ou de transporte, configúrase como unha infraestrutura esencial no desenvolvemento da sociedade.

A importancia da necesidade de cobertura púxose de manifesto sobre todo nos últimos meses debido á situación motivada pola pandemia da Covid-19, que evidenciou a importancia desta ferramenta para o tele traballo de milleiros de persoas, na educación, no acceso aos servizos públicos e incluso como único medio de comunicación coas familias e amigos, entre outros.

Pero ademais, existen numerosos estudos que amosan unha correlación positiva entre a penetración das redes de alta capacidade nun país e o crecemento económico do mesmo.

A propia UE fixou como obxectivos estratéxicos de conectividade para 2025:

- a conectividade de alta velocidade para todos os principais motores socioeconómicos.*
- unha cobertura 5G sen interrupcións nas zonas urbanas e grandes vías de transporte terrestre.*
- e un acceso á conectividade que ofrezca polo menos 100 Mbps a todos os fogares europeos.*

Na mesma liña, o Goberno do Estado na axenda dixital "España Digital 2025" establece como obxectivo, garantir unha conectividade dixital adecuada para o 100% da poboación, promovendo a desaparición da fenda dixital entre as zonas

rurais e as urbanas e establecendo como meta para o ano 2025 o 100% da poboación con cobertura 100 Mbps.

A Xunta de Galicia, co obxectivo de configurar un futuro dixital para a cidadanía galega e contribuír ao desenvolvemento económico, social e medioambiental do noso territorio, fixou como folla de ruta a Estratexia Galicia Dixital 2030, asegurando así a integración e perfecta coordinación co establecido pola UE e a España Digital 2025.

Neste senso, os concellos como administracións máis próximas aos cidadáns atendemos a diario as peticións de acceso á cobertura de banda larga e á cobertura de banda larga ultrarrápida que realizan as veciñas e veciños, así como as empresas das zonas con falta de conectividade ou insuficiente conectividade. Estas demandas non só as fan os nosos veciños e empresas, senón tamén aqueles que desexan instalarse no noso concello.

A necesidade destas peticións é evidente. Por poñer uns exemplos sinxelos: como podemos nun concello ofrecer administración electrónica ou comunicarnos electronicamente cos administrados se estes non dispoñen de internet?, por qué lle negamos a un veciño que dispoña dunha casa rural anunciar ou xestionar as reservas no seu negocio?

Por tanto a conectividade, é dicir, o acceso a Internet máis rápida e de mellor calidade ten unha importancia crecente, non só para a competitividade empresarial, a innovación e a cohesión territorial, senón tamén pola súa contribución á inclusión social, e en definitiva á mellora da calidade de vida dos veciños, para evitar o despoboamento e mellorar o desenvolvemento dos concellos.

Tendo en conta que as telecomunicacións son servizos de interese público, estando garantido o dereito de todos os cidadáns ao acceso en condicións adecuadas independentemente da dispersión poboacional, da orografía e o relevo do territorio, e dado que os concellos ao igual que o resto de administracións públicas temos a obriga de velar pola igualdade de oportunidades de toda a cidadanía e toda vez que detectamos que no Concello de Sobrado non existe despregamento de redes en numerosos grupos de poboación.

En base ao anteriormente exposto o Grupo Popular do Concello de Sobrado solicita ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade nos núcleos de poboación do Concello de Sobrado.

Segundo: Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que, no territorio galego e no marco das súas competencias, priorice o despregamento de banda larga nas zonas brancas das entidades de poboación menos poboadas, así como nas zonas que non están catalogadas como "zonas brancas" na listaxe elaborada polo dito Ministerio pero que o son de facto, así como dote tamén de cobertura ás zonas que non dispoñen nin tan sequera de servizos básicos de telefonía móbil, como áreas de maior risco de fenda dixital, e teña en conta as achegas dos concellos como institucións máis próximas á realidade e mellor coñecedoras das necesidades do seu territorio.

Terceiro: Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no marco das súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda ancha e telefonía móbil nos núcleos de poboación do noso concello para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación propias, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia.

En Sobrado a 24 de maio de 2021”

Ábrese o turno de intervencións polo sr. alcalde e sinala que debería haber un estudio no que aparezan marcadas as zoas brancas e grises.

Intervén a sra. García Souto e afirma que dan por feito de que o concello xa ten ese estudio.

O sr. Alcalde afirma que se se quere completar a moción a podemos deixar sobre a mesa para o próximo pleno para completar tódolos datos e así metelos na moción e trasladalos ao Ministerio. Este moción é moi xenérica, considera que é mellor ter tódolos datos exactos a que se aprobe a moción por unanimidade.

A sra. García Souto expón que non cree que sexa preciso iso, considera que débese aprobar a moción e ao longo do mes o Concello recabar os datos e se envían coa moción aprobada.

O sr. alcalde cree que é mellor que se faga unha moción ben feita e non unha tan xenérica que presenta o Partido Popular en tódolos concellos.

A sra. García Souto reitera que a moción é perfecta e que se o concello xa ten os datos se adxuntan á moción.

Resposta o sr. alcalde que habería que introducilos no acordo.

A sra. García Souto manifesta que non está dacordo.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (2): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Abstencións:(0)

Votos en contra (7): Luis Lisardo Santos Ares, Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo. (PSdeG-PSOE) Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller. (PSdeG-PSOE)

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

A concelleira M^a Jesús García Souto formula as seguintes preguntas:

1 Nos decretos vemos que segue habendo reparos de legalidade da Secretaria que o alcalde levanta basándose no enriquecemento inxusto do concello, estamos en

presenza de contratos mal adxudicados(zahorra etc...) Ésta é a tónica habitual do Concello coa que nos non podemos estar en máis desacordo.

O sr. alcalde intervén para sinalar que estamos no turno de preguntas e se quere facer algunha.

2. En qué consiste o programa de educación familiar polo que se paga ao Concello de Toques a cantidade de 16 000 €.

Resposta o sr. Alcalde que é a aportación que se fai ao Concello de Toques pola educadora familiar.

A sra. García Souto pregunta en qué consiste o seu traballo.

Resposta o sr. alcalde que atención psicolóxica ás familias,colabora no programa de distribución de alimentos da Cruz Roxa e apoio aos servizos sociais do Concello.

Intervén de novo a sra. García Souto e afirma que cree que é estupendo que haxa un programa de educación familiar pero que hai que darlle máis contido.

3. A sra. García Souto afirma que se deron de alta de oficio no padrón do lixo 7 inmobles e que 5 estaban mal dadas as altas.

4. A sra García Souto di que veu moitos decretos nos que se denegan ou desestiman licenzas e pregunta ao alcalde se non cree que debería de mellorar o asesoramento aos particulares e técnicos para que se podan levar a cabo as obras.

Resposta o sr. alcalde que moitas veces é debido a que hai moitos erros nos proxectos técnicos que se presentan.

Intervén de novo a sra. García Souto e pregunta se non lle parece un índice moi elevado de expedientes pechados que non se tramitan correctamente.

Resposta o sr. alcalde que se lles explica aos técnicos e aos particulares.

Afirma a sra García Souto que hai algo que debe fallar porque despois de aportar documentación se lles arquiva.

Resposta o sr. alcalde que él tamén ten unha solicitude de licenza que está igual, pendente de presentar documentación e se pasa o tempo e non a subsana se lle arquivará.

Sinala a sra. García Souto que lle está falando dos expedientes que se tramitan polo departamento de urbanismo.

Di o alcalde que os decretos os fai él.

Lle pregunta a sra . García Souto se de verdade fai él os decretos.

Resposta o sr. alcalde que él os asina.

A sra García di que entón debería asesorar o alcalde aos particulares e aos técnicos.

5.Pregunta a sra. García Souto que para onde é a subvención solicitada para a auga de Dombrete dun prezo estimado de 72.000,00 €.

Resposta o sr. alcalde que o o proxecto ten o título de Dombrete pero a auga é para todo o Concello.

6.A sra García Souto afirma que veu que se sacou a licitación o servizo de prevención de riscos e pregunta se o van a cambiar.

Resposta o sr. alcalde que que non había contrato.

Intervén de novo a sra. García Souto e afirma que está ben que saque a licitación e que algo terá que ver co que ela dixo nos últimos plenos sobre a formación do EPIS.

7.A sra. García Souto di que veu a publicación no BOP das bases de técnico de turismo, e se o alcalde se deu conta agora de que era necesaria a publicación no BOP porque antes dicía que non o era.

Di o sr. alcalde que remata o prazo para presentar as solicitudes.

Di a sra . García Souto que esperaremos a ver a quen se contrata..

8.Pregunta a sra . García Souto con cantas camas ortopédicas conta o Concello.

Resposta o sr. alcalde que 12.

A sra. García Souto pregunta se contando as novas adquisicións.

Resposta o sr. alcalde que cree que si.

9.A sra. García Souto afirma que se lle parece excesivo gastar case 1.300 € no grafiti do pacto de violencia de xénero e que podería aproveitarse para dar formación aos nenos.

Resposta o sr. alcalde que é un gasto que está subvencionado e que non se fixo polo tema do COVID e os grupos "burboxa".

A sra. García Souto afirma que esa excusa no vale porque para outro tipo de actividades, como foi o dos ovos de Pascua si se fixeron cousas cos nenos.

10.Se van a realizar actividades no verán para os nenos.

Resposta o sr. alcalde que si, como todos os anos.

11.Pregunta a sra .Souto polo visita a FITUR , en que consistiu a participación do Concello de Sobrado.

Resposta o sr. alcalde que se presentou un video da Reserva da Biosfera .

Pregunta a sra . García se aproveitaron para facer algo máis.

Resposta o sr. alcalde que fixeron uns contactos turísticos.

A sra. García Souto pregunta a qué tipo de xestión se refire.

Resposta o sr. alcalde que si sale adiante xa se verá e que se traerá ao pleno próximamente e cree que lle vai a gustar.

Intervén de novo a sra. García e lle di ao alcalde que o ano pasado tamén foi a FITUR e cales foron os resultados porque aínda no se viron.

Di o sr. alcalde o bo que é chegar a FITUR e ver a exposición da provincia de A Coruña e que haxa só dez trípticos de concellos da provincia e que un deles sexa do Concello de Sobrado.

Intervén de novo a sra. García Souto e afirma que é claramente insuficiente a xestión, o material que se levou e a constatación do que se fixo o ano anterior e os resultados.

.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:00 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE